Vocabulary – 1ª quincena

According to ----------segundo
Britisher---------- --forma americana de referirse aos británicos
Date back ----------remontarse a
Degree ----------grao
Due to ----------debido a
Estimate ----------estimación
Fact ----------feito
Fully---------- completamente
Get on with---------- levarse ben con
Host---------- anfitrión
Intend---------- propoñerse, pretender
Mainly---------- principalmente
Needlessly---------- innecesariamente
Noticeable----------evidente, notable
Nowadays----------na actualidade
Overwhelming---------- abrumador
Prominent---------- prominente
Reach--- ----------alcanzar

Regard----------considerar
Rise---------- alza
Run out of---------- quedar sen
Seaboard---------- litoral
Settle---------- establecerse
Spelling---------- ortografía
Stream---------- corrente
Tiny----------diminuto
Tongue ----------lingua
Trade---------- comercio
Unknown ----------descoñecido
Up-to-date----------moderno, actual, á última
With regard to ---------- con respecto a

BRITISH AND AMERICAN ENGLISH

Ademais de pequenas diferenzas gramaticais como o uso do participio *gotten* en Inglés Americano en vez de *got* que é o utilizado polos británicos, existen diferenzas na escrita *spelling*, na pronuncia, e no vocabulario. Imos revisar algunhas destas particularidades.

1. Escrita

- As palabras que rematan en **-our** en BrEng. rematan en **-or** en AmEng.
  Colour(BrEng.) / color(AmEng.)
  Favour (BrEng.) / favor(AmEng.)
- As palabras que rematan en **-re** en BrEng. rematan en **-er** en AmEng.
  Centre (BrEng.) / center (AmEng.)
  Theatre (BrEng.) / theater (AmEng.)
- Os verbos que rematan en **-ize** en AmEng. pódense escribir **-ise** ou **-ize** en BrEng. aínda que a primeira forma é a máis frecuente.
  Realise-realize (BrEng.) / realize (AmEng.)
  Recognise-recognize (BrEng.) / recognize (AmEng.)

2. Pronuncia

- En BrEng. a consoante **r** só se pronuncia diante de son vocálico e normalmente non se pronuncia a final de palabra. En AmEng. non obstante, o **r** pronúnciase en todas as posicións nas que se atopa escrita.
  Beer / bɪə/ (BrEng) Beer / bɪər / (AmEng.)

- En AmEng. as consoantes **t** e **d** pronúncianse como unha **d** suave entre vogais
  Saturday /t/ (BrEng.)/ Saturday /d/ (AmEng.)

- Algunhas palabras que en BrEng. teñen o son /ju:/ pronúncianse /u:/ en AmEng.
  New /nju:/ (BrEng.) new /nu:/ (AmEng.)

3. Vocabulario.

Na FAQ desta unidade tes un listado coas principais diferenzas de vocabulario entre as dúas variedades e a súa tradución ao galego.

Describing people – appearance

Hair, face, skin and complexion

straight hair
and thin-faced

wavy hair
and round-faced

curly hair
and dark-skinned

a crew-cut

bald
with freckles

beard and moustache
with a chubby face

receding hair
and a few wrinkles

He us·d to have **black** hair but now it's gone **grey**, almost **white**.
What sort of person would you like to go out with? **Blonde, fair, dark** or **ginger-haired / red-haired**?
She has such beautiful **auburn** hair. [red-brown]

Fair and **dark** can be used for hair, complexion or skin.

Height and build

a rather **plump** or
stout man

a **slim** woman
[positive]

an **obese** person
[negative, very fat]

Fat may sound impolite. Instead we often say a **bit overweight**. If someone is broad and solid, we can say they are **stocky**. A person with good muscles can be **well-built** or **muscula**
If someone is terribly thin and refuses to eat, they may be **anorexic**.

General appearance

She's a very **smart** and **elegant** woman, always **well-dressed**; her husband is quite the opposite, very **scruffy** and **untidy-looking**.
He's very **good-looking**, but his friend's rather **unattractive**.
Do you think **beautiful** women are always attracted to **handsome** men? I don't. I think **first impressions** matter **most**.

Tip: The suffix **-ish** is useful for describing people: (see Unit 8)
She's **tallish**. He has **brownish** hair. He must be **thirtyish**.

COMO FACER UNHA DESCRICIÓN

Estrutura a túa redacción en polo menos tres parágrafos.

- O primeiro servirá de *Introdución:* Nela debes presentar a persoa, lugar, edificio, etc que vas describir incluíndo o nome se se coñece, a relación/situación desa persoa ou a localización do lugar, edificio, etc.

- O segundo parágrafo é o *Corpo*: Terás que ir dando pasos para achegar información que analice e descubra as partes esenciais na descrición, nunha persoa descrición física e psicolóxica, nun edificio o exterior e o interior e tamén o aproveitamento do espazo, usos…, nun lugar a situación xeográfica, sociedade, economía, urbanismo, infraestruturas…)

- O terceiro é a *Conclusión*: nela debemos intentar resumir as ideas principias que xa expuxemos anteriormente e dar unha opinión persoal, por exemplo: o que máis che gusta, o que non, que sensacións che transmite, etc.

Para construír un bo parágrafo, pensa que se trata dun grupo de oracións que por significado están relacionadas ou conectadas entre si. Estruturalmente, calquera oración está formada de polo menos un sintagma nominal e un sintagma verbal.

Nas descricións, tanto de persoas como de lugares ou edificacións/monumentos, úsanse moitos adxectivos que actúan como modificadores dos substantivos. Cando hai máis dun adxectivo séguese unha orde: van dende o máis xenérico ao máis específico, é dicir, canto máis significación aporte o adxectivo colocarase máis cerca do substantivo. Nesta táboa e nos exemplos podes ver como sería a colocación:

Feelings + Styles + Shades/Sizes + Colours + Materials

Exemplo:

- *a beautiful ancient bright medium-sized medieval and grey-stoned chapel*
- *an aggressive serious tall thin boy*

Grammar

PRESENTE SIMPLE - PRESENT SIMPLE –

Afirmativa

Suxeito + Infinitivo sen to	I **eat**
Suxeito + Infinitivo sen to + s (3ª persoa singular)	He **eats**

Negativa

Sux. + DO NOT+ Infinitivo sen to	I **do not eat**
Sux. + DOES NOT + Infinitivo sen to (3ª sing.)	He **does not eat**

Interrogativa

DO + Suxeito + Infinitivo sen to?	**Do** you **eat?**
DOES + Suxeito + Infinitivo sen to (3ª pers. sing.)?	**Does** he **eat?**

Este tempo verbal emprégase:

a) Para expresar verdades xerais ou feitos que sempre se cumpren.
Water **boils** at 100 degrees A auga ferve a 100 graos

b) Para expresar hábitos ou costumes
He **has** lunch in this restaurant every day El come neste restaurante cada día

c) Para indicar plans futuros. Adoita referirse a horarios ou programas
Our plane **leaves** in an hour O noso avión sae nunha hora

d) Para contar acontecementos deportivos, historias, chistes, etc.
F. Torres **kicks** the ball, and it 's a goal! F. Torres golpea o balón, ¡ é gol!

Regras ortográficas

Na terceira persoa do singular engádese un **s** ao infinitivo sen to agás nos seguintes casos:

a) Os verbos que rematan en **s**, **ss**, **sh**, **ch**, **x**, e **o** engaden **es**

Pa**ss**	pa**sses**	Wat**ch**	wat**ches**	G**o**	g**oes**
Wa**sh**	wa**shes**	Mi**x**	mi**xes**	Ki**ss**	ki**sses**

b) Os verbos que rematan en **y** precedida de consoante cambian o **y** por **ie** despois engaden **es.**

Cry	cr**ies**	Fl**y**	fl**ies**

c) Os verbos que rematan en **y** precedida de vogal, non experimentan ningún cambio e seguen a regra xeral de engadir **s**

Pla**y**	pla**ys**	Sa**y**	sa**ys**

PRESENTE CONTINUO -PRESENT CONTINUOUS-

Afirmativa Suxeito + BE + verbo-ing	I **am eating** She **is eating**
Negativa Suxeito + BE NOT+ verbo-ing	I **am not eating** She **is not eating**
Interrogativa BE + Suxeito + verbo-ing?	**Are you eating?** **Is he eating?**

Este tempo verbal emprégase:

a) Para accións que están a acontecer no momento de falar
Mum **is cooking** now Mamá está a cociñar agora

b) Para accións incompletas que están a acontecer, aínda que non necesariamente no momento de falar
We **are building** a new garage Estamos a construír un novo garaxe

c) Para indicar plans ou preparativos nun futuro próximo
W**e're having** dinner together tonight Imos cear xuntos esta noite

d) Para accións que se repiten de forma regular e que adoitan levar implícito un sentido de queixa
They **are always complaining** Sempre se están a queixar

Regras ortográficas

a) Os verbos que rematan en consoante + **e**, pérdenna ao engadir **–ing**

arrive - arriving, close - closing

b) Os verbos que rematan en **-ie** cambian este final por **y** ao engadir **-ing**

die dying, - lie - lying

c) Os verbos nos que o acento cae na última sílaba e rematan en **consoante + vogal + consoante** dobran a última consoante ao engadir **-ing**

run- running, hit- hitting, begin – beginning, admit - admitting

Pero se a última sílaba non está acentuada, non a dobran

open – opening, enter – entering

agás se rematan en **-l**: travel – travelling, signal – signalling.

Verbos de estado

Fronte aos verbos que indican acción estes verbos que indican estados, situacións non adoitan usarse en presente continuo.

~~Now the farmer **is owning** that land~~

Now the farmer **owns** that land O granxeiro posúe agora esa terra.

Algúns dos máis frecuentes son: *belong* (pertencer*), cost* (custar), *exist* (existir), *hate* (odiar, detestar*), know* (saber), *like* (gustar), *mean* (significar), *own* (posuír), remember (recordar*), see* (ver), *seem* (parecer), *understand* (comprender).

MODOS DE EXPRESAR GUSTOS, INTERESES E PREFERENCIAS

1. Like - *gustar*, love - *adorar*, prefer- *preferir*, and hate - *odiar*

Detrás destes verbos pódese utilizar infinitivo con *to ou xerundio*

She likes to take / taking photos	Gústalle facer fotos
I love to swim / swimming	Encántame nadar
We prefer to travel / travelling by car	Preferimos viaxar en tren
I hate to fly / flying	Aborrezo voar

O verbo **like** – *gustar* - adoita ir seguido de *xerundio* cando leva implícita a idea de que se goza coa acción. Vai seguido de *infinitivo con to* cando simplemente se expresa que é unha boa idea máis que un pracer

I like skiing	Gústame esquiar (Gózoo)
I like to clean the kitchen after I use it	Gústame limpar a cociña despois de usala

(Non significa que o goce simplemente creo que é bo facelo así)

2. Would like / would love / would prefer / would hate

Cando estes verbos aparecen co condicional *would* van seguidos *de infinitivo*

I would like to meet you	Gustaríame coñecerte
She would love to live in London	Encantaríame vivir en Londres
I would prefer to have lunch now	Preferiría comer agora
I would hate to live in a city	Odiaría vivir nunha cidade

Would adoita aparecer en forma contraída: *'d*

A estrutura negativa é: **Suxeito + Would + not + infinitivo sen to**

I would not like to fail	Non me gustaría suspender

Would + *not* adoita aparecer en forma contraída: *wouldn ' t*

A estrutura interrogativa é: *Would* + *Suxeito* + *infinitivo sen to?*

Would you like to go to the cinema?	Gustaríache ir ao cinema?

3. Want *querer* + substantivo / pronome + to + infinitivo.

Cando queremos indicar o noso desexo de que alguén faga algo usamos o verbo *want* e debemos facelo con esta estrutura

I want Mary / her to come	Quero que María / ela veña
~~I want that Mary comes~~	
My father wants me to study harder	O meu pai quere que eu estude máis
~~My father wants that I study harder~~	

Para dicir que se quere que unha persoa non faga algo empregando o verbo *want* utilízase a mesma estrutura con *not* diante do infinitivo

They want me not to go out so much	Queren que non saia tanto
She really wants him not to get angry	Ela realmente quere que el non se enfade

.